



Normas reguladoras do Rexistro de mediadores do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela

Preámbulo

A Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís regula a mediación, por vez primeira con carácter xeral, dándolle carta de natureza na lexislación procesual. A Lei regula, ademais, as institucións de mediación, entre cuxos fins se atopan, entre outros, non só a xestión dos procedementos, senón tamén a creación dos rexistros de mediadores.

Entre as devanditas institucións inclúense as corporacións de dereito público que teñan entre os seus fins o impulso da mediación, como acontece cos colexios profesionais en virtude da reforma introducida pola propia lei 5/2012 na lei 2/1974 que, na letra ñ do seu artigo 5, lles atribúe aos colexios de avogados, entre outras, a función de:

«Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

En consecuencia, a Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela creou o Servizo de Mediación, que ten como obxecto primordial administrar os procedementos sobre esta materia. Con este fin e para procurar a eficiencia e a transparencia do seu funcionamento, cómpre que o citado servizo se dote dun rexistro de mediadores que permita coñecer a identidade dos profesionais que actúen dentro do seu ámbito, así como a súa formación específica e a especialidade dentro da esfera de mediación á que se dediquen.

Para cumprir tales fins, o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela crea o Rexistro de mediadores, que se rexerá polas seguintes normas.

Primeira. Obxecto

As presentes Normas teñen por obxecto a regulación do Rexistro de mediadores do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Segunda. *Ámbito e requisitos de inscrición*

1. Poderán inscribirse no Rexistro de mediadores do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela os letrados exercentes que desexen actuar como mediadores e que cumpran as condicións seguintes:

- a) Atoparse en pleno exercicio dos seus dereitos civís.
- b) Contar con formación específica para exercer a mediación, adquirida mediante a realización de cursos impartidos por institucións debidamente acreditadas.
- c) Contar, de ser o caso, con formación ou experiencia nas materias correspondentes ás especializacións de que dispoña o Servizo de Mediación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.
- d) Subscribir un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil derivada da súa actuación nos conflitos en que interveña, cunha cobertura igual, como mínimo, á cobertura da póliza do seguro de responsabilidade civil do ICA de Santiago.
- e) Acreditar ter satisfeito o importe establecido para a xestión da súa incorporación ao Rexistro.

2. Sen prexuízo das condicións de duración e contido do curso ou cursos que sexan esixibles legalmente, para formalizar a inscrición no Rexistro de mediadores do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela será necesario acreditar a participación en cursos específicos de mediación coa duración mínima de 100 horas esixida no Regulamento de mediación aprobado polo Real decreto 980/2013 do 13 de decembro e asumir o compromiso de formación continuada no xeito que sexa establecido pola Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

3. Tamén poderán inscribirse no Rexistro de mediadores as sociedades profesionais, sempre que figuren inscritas no rexistro de sociedades profesionais dun colexio de avogados de España. Para o exercicio da actividade de mediación estas deberán designar unha persoa física que reúna os requisitos previstos na lei (os sinalados no apartado 1 desta norma).

Terceira. Organización administrativa do Rexistro

1. O Rexistro de mediadores ten a súa sede no domicilio do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e está suxeito á autoridade da Xunta de Goberno, como órgano competente ao que lle corresponde a aplicación, interpretación e modificación, de ser o caso, das presentes Normas reguladoras.

2. O Rexistro dependerá, para os efectos administrativos, do persoal da secretaría do Colexio, que poderá exercitar as facultades que lle delegue a Xunta de Goberno. Son indelegables as facultades de admisión, denegación, suspensión e cancelación da inscrición.

Cuarta. Organización interna do Rexistro

1. O Rexistro estará composto por tres seccións:

- a) Sección 1ª: sección de mediadores colexiados no ICA de Santiago.
- b) Sección 2ª: sección de mediadores non colexiados no ICA de Santiago
- c) Sección 3ª.: sección de mediadores sociedades profesionais.

O Rexistro poderá contar con seccións especializadas por materias.

2. A Xunta de Goberno determinará os datos que deberán constar asociados a cada mediador inscrito. Serán en todo caso, datos obrigatorios os seguintes.

- a) Nome e apelidos do mediador.
- b) Enderezo profesional, teléfono, correo electrónico e, de ser o caso, número de colexiado.
- c) Información bancaria para o xiro das cotas que procedan
- d) Ámbitos ou especialidades de actuación, cando existan.

Quinta. *Solicitud de inscripción, documentación e permanencia no Rexistro*

1. A solicitude de inscripción no Rexistro de mediadores formularase presentando debidamente cuberto o modelo normalizado que se xunta como anexo II, que deberá ir acompañado da seguinte documentación.

- a) Acreditación da formación específica en materia de mediación e, de ser o caso, acreditación de formación ou experiencia na materia correspondente á especialización que pretenda facer constar.
- b) Orixinal ou copia compulsada da póliza do seguro que cubra a responsabilidade na que o mediador poida incorrer e acreditación do pagamento da súa prima. En calquera caso, esta póliza deberá dispoñer dunha cobertura, como mínimo, igual á da póliza do seguro de responsabilidade civil do ICA de Santiago.

Os solicitantes que estean colexiados no ICA de Santiago estarán eximidos de presentar a devandita documentación no caso de que figuren asegurados na póliza colectiva do colexio.

- c) Xustificante do ingreso da cota ou dereitos colexiais establecidos en cada momento e para cada modalidade de solicitante.

2. Para que o mediador poida continuar inscrito no Rexistro, deberá acreditar a formación continua en materia de mediación civil e mercantil que se determine regulamentariamente ou que estableza a Xunta de Goberno.

Sexta. *Procedemento da inscripción*

1. A solicitude de inscripción deberá presentarse na secretaría do Colexio, mediante o modelo de solicitude que se xunta como anexo II e que deberá estar acompañado da documentación relacionada na norma anterior.

2. A solicitude e a documentación achegada elevaranse á Xunta de Goberno para o efecto de verificar o cumprimento do establecido nas presentes Normas, na Lei 5/2012 e nos regulamentos que a desenvolvan, así como en calquera outra norma que regule os distintos ámbitos da mediación.

3. Se a solicitude reunir os requisitos previstos legal e regulamentariamente, procederase a efectuar a inscripción, logo do acordo da Xunta de Goberno adoptado para o efecto.

4. Se a solicitude non reunir os requisitos establecidos, requirirase o solicitante para que, no prazo máximo de dez días hábiles, proceda á oportuna emenda; coa advertencia de que, de non facelo, entenderase que desiste da súa petición sen máis trámite e procederase ao arquivo do expediente de solicitude. Logo de efectuar a emenda, a Xunta de Goberno, resolverá admitir ou denegar a inscripción solicitada e notificarallo ao interesado.

Sétima. Denegación da inscrición, notificación e recursos

1. O acordo de denegación seralles notificado aos interesados con indicación dos recursos que puideren interpoñerse, dos prazos e do órgano competente para resolvelo.
2. Os acordos da Xunta de Goberno en materia de inscrición no Rexistro de mediadores estarán suxeitos ao réxime de recursos establecidos na normativa aplicable, en especial, nos Estatutos do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, no Estatuto xeral da avogacía española, no Estatuto do Consello da Avogacía Galega e na Lei reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava. Efectos da inscrición

A incorporación ao Rexistro será condición indispensable para ser designado polo Servizo de Mediación do ICA de Santiago.

O ICA de Santiago remitiralle ao Consello da Avogacía Galega unha lista de avogados mediadores inscritos, que ademais estean colexiados no ICA de Santiago como residentes, para os efectos de publicidade.

Novena. Cancelación e suspensión da inscrición

1. Solicitude de cancelación

Os mediadores deberán solicitar a cancelación da inscrición no Rexistro de mediadores cando cesen na actividade, ou deixen de cumprir os requisitos esixidos legal e regulamentariamente para a inscrición.

2. Cancelación de oficio

A Xunta de Goberno poderá igualmente suspender ou anular de oficio a inscrición dos mediadores inscritos no Rexistro cando se dean os seguintes supostos:

- a) Se se comprobase a falsidade ou non exactitude dos datos ou da documentación achegada no procedemento de inscrición, salvo erro ou defecto emendable.
- b) No caso de incumprimento sobrevido dalgún dos presupostos esixidos pola lei ou polas presentes Normas.
- c) No caso daqueles mediadores incorporados a un colexio de avogados que estean cumprindo unha sanción disciplinaria firme, que supoña a suspensión no exercicio profesional ou a expulsión do respectivo colexio.
- d) No caso daqueles mediadores que fosen condenados mediante sentenza firme por actos cometidos no exercicio da actividade da mediación.

Nos supostos previstos nas letras a e b, concederáselle ao interesado un trámite previo de audiencia por un prazo de dez días, no que poderá formular alegacións e presentar a documentación que considere oportuna en defensa da súa petición.

3. Suspensión

A Xunta de Goberno poderá acordar a suspensión cautelar da inscrición nos seguintes supostos:

- a) Durante a tramitación do expediente de cancelación.
- b) No caso de existir un expediente ou procedemento sancionador ou un proceso penal dos recollidos nas letras c) e d) do apartado anterior

Décima. Réxime económico

As inscricións e a emisión de certificacións relativas ao Rexistro de mediadores poderán comportar a obriga de pagamento das taxas de inscrición e dereitos económicos que determine a Xunta de Goberno.

Disposición adicional primeira. Protección de datos

1. En cumprimento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), créase o ficheiro «Servizo de mediación e rexistro de mediadores do ICA de Santiago», titularidade pública do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (BOP da Coruña núm. 292 do 23.12.2005). Os datos persoais facilitados polos interesados serán incluídos nese ficheiro e non serán cedidos nin tratados con ningunha outra finalidade distinta da que motiva a súa inscrición.

2. De conformidade coa LOPD, asistirán aos interesados os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos seus datos persoais. A cancelación dos asentos de inscrición ou dos datos sinalados neste regulamento como obrigatorios comportará a exclusión automática do Rexistro.

Disposición adicional segunda. Cobertura da responsabilidade civil

1. Segundo preceptúa o artigo 11.3 da Lei 5/2012 de mediación en asuntos civís e mercantís, os mediadores deberán subscribir un seguro ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade civil que poida derivarse da súa actuación nos conflitos en que interveña.

2. A suma asegurada deberá ser equivalente, como mínimo, á básica concertada para o resto dos colexiados do ICA de Santiago.

3. Con carácter anual deberá acreditarse a vixencia do aseguramento. A falta de cobertura da responsabilidade civil dará lugar á cancelación da inscrición, todo isto sen prexuízo das responsabilidades legais e disciplinarias en que se puidese incurrir.